

DVD 17  
CD 16




PIRUXALDA de BRETOÑA

A 

B 

C 


B 



Danza para dúas parellas colocadas en cadrado; os membros do mesmo sexo sitúanse en esquinas opostas (*gráfico I*).

Pódese observar a forma xeral nesta táboa, na que amosamos a lonxitude das diferentes seccións, relacionando as musicais (en letras) coas da danza (en números):

MÚSICA	A	A	B	B	C	B
DANZA	1	1	2	3	4	2
DURACIÓN	6 compases	6 comp.	8 comp.	8 comp.	8 comp.	8 comp.



**1: Cruce de "ganchete"**, durante o 1º pentagrama da música.

Intercambiamos lugar coa parella, correndo e enganchando o brazo ao cruzarnos con ela (*gráfico IIa*). Os rapaces cruzan polo exterior e as rapazas polo interior; na ida facemos "ganchete" co brazo dereito e na volta co esquerdo (*gráfico IIb*). Repetimos unha vez máis o cruce de ida e volta.

*Posición de partida sobre a perna esquerda.*

Corremos 4 veces (dereita-esquerda-dereita-esquerda) adiante ♩ ♩ ♩ ♩ ; nas últimas dúas fases viramos 1/2 no sentido das horas + corremos coa perna dereita e esquerda no sitio ♩ ♩ .  
Repetición idéntica. Facemos a secuencia 4 veces; a 4ª vez varía o último compás: saltamos á posición I e a mantemos despois ♩ } .

Ritmo (1-3): ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ ♩      Ritmo (4): ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ } .




**2: Destaques ou patadas ao aire**, a 1ª vez que se toca o 2º pentagrama da música.

*Posición de partida sobre a perna dereita; apoiamos as mans nos laterais da cintura.*


Salto á perna esquerda en media planta no sitio, mentres estiramos a perna dereita adiante en nivel baixo moi preto do chan ♩ + salto á perna dereita en media planta no sitio, mentres estiramos a perna esquerda adiante en nivel baixo moi preto do chan ♩ .

Repetición idéntica. Facémo-lo motivo 7 veces; no 8º compás saltamos á posición I, manténdoa despois, mentres erguemos os brazos, un pouco flexionados, á diagonal adiante en nivel alto ♩ } .


Ritmo: ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ ♩ | ♩ } .



IIIa



IIIb



**3: pisar + [jettes (cruce de perna detrás) e destaques]** cara á diagonal dereita (gráfico IIIa) e á diagonal esquerda (gráfico IIIb), durante a repetición do 2º pentagrama da música.

*Mantemos a anterior posición dos brazos. Descripción de compás en compás.*

**1:** xirando 1/8 á dereita, saltamos á perna dereita no sitio ♪ + salto á perna esquerda un pouco flexionada e rotada cara a dentro á diagonal dereita adiante, mentres levamos a parte inferior da perna dereita á diagonal esquerda atrás horizontalmente e rotamos a cadeira cara a dereita ♪ .

**2:** salto á perna dereita en media planta na diagonal esquerda atrás, mentres levamos a perna esquerda, rotada cara a fóra, adiante en nivel baixo moi preto do chan ♪ + repetición idéntica da 2ª fase do compás anterior ♪ .

**3:** repetición idéntica do anterior compás.

**4:** xirando 1/8 á esquerda, salto curto á perna dereita en media planta á esquerda, mentres levamos a perna esquerda, rotada cara a fóra, adiante en nivel baixo moi preto do chan ♪ + xirando 1/8 á esquerda, saltamos á perna esquerda en media planta á diagonal esquerda adiante ♪ .


**5:** salto á perna dereita un pouco flexionada e rotada cara a dentro na diagonal esquerda adiante, mentres levamos a parte inferior da perna esquerda á diagonal dereita atrás horizontalmente e rotamos a cadeira cara a esquerda ♪ + salto á perna esquerda en media planta na diagonal dereita atrás, mentres levamos a perna dereita, rotada cara a fóra, adiante en nivel baixo moi preto do chan e enderezamos a cadeira ♪ .

**6:** repetición idéntica do compás anterior.


**7:** repetición idéntica da 1ª fase do anterior compás + xirando 1/8 á dereita, saltamos á perna esquerda un pouco flexionada en media planta á dereita, mentres levamos a perna dereita, rotada cara a fóra, adiante en nivel baixo moi preto do chan ♪ .

**8:** saltamos á posición I, manténdoa despois ♪ † .

Ritmo: ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ †



IV



V



VI



**4: [pisar + jettes + destaques]**, durante o 3º pentagrama da música.  
Intercambiamos lugar coa parella de fronte (*gráficos IV e V*).


*Mantemos a anterior posición dos brazos.*

Salto á perna dereita no sitio ♪ + salto á perna esquerda un pouco flexionada e rotada cara a dentro na diagonal dereita adiante, mentres levamos a parte inferior da perna dereita á diagonal esquerda atrás e rotamos a cadeira cara á dereita ♪ + salto á perna dereita en media planta na diagonal dereita atrás, mentres levamos a perna esquerda, rotada cara a fóra, adiante en nivel baixo moi preto do chan e enderezamos a cadeira ♪ + 3 repeticións: simétrica, idéntica e simétrica, das 3 últimas fases + salto á perna dereita no sitio ♪ + salto á perna esquerda un pouco flexionada e rotada cara a dentro na diagonal dereita adiante, mentres levamos a parte inferior da perna dereita á diagonal esquerda atrás e rotamos a cadeira cara á dereita ♪ + saltamos á posición I, manténdoa despois, mentres enderezamos a cadeira ♪ } .

Ritmo: ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ ♪ | ♪ } .

**2: destaques**, durante o 4º pentagrama da música.

No derradeiro compás saltamos á posición I, xirando 1/4 á esquerda os rapaces e 1/4 á dereita as rapazas. Quedan mirando á parella que tiñan de lado (*gráfico VI*) para comezar de novo a 2ª volta con ela.



*As piruxaldas ou purruxaldas pertencen á mesma familia có siringüellu ou saltón asturiano e a porrutsalda e o arin-arin vasco.*

*Esta versión foi recollida en Bretoña (A Pastoriza, Lugo) en 1993 a Cándido Comendino, Dorinda Iglesias, M<sup>a</sup> Luísa Ónega, Amparo e Elvira González, Concha Iglesias, M.<sup>a</sup> Luísa Otero e Remedios Álvarez; o gaiteiro era Daniel Méndez.*

#### Notas:

- Non bailamos en espello coa parella, todos os danzantes comezan os motivos coa mesma perna!
- Poden bailar máis grupos de 4 danzantes, organizándose en cadrados independentes.
- Os xestos das pernas non deben ser demasiado esaxerados, pois corremos o risco de dar tarde os pasos -especialmente na parte 4, na que hai que desprazarse.
- A complicación desta danza está nas seccións 3 e 4, onde varía a organización dun mesmo tipo de movementos. A diferenza entre elas está en que en 3, o paso no sitio (“piso”) dáse só ao principio da secuencia e ao cambiar de diagonal; a repetición interior faise do motivo de dúas fases: [ 1. *jette* e 2. *destaque* ]. En 4 repítense motivos de tres fases: [ 1. *piso*, 2. *jette* e 3. *destaque* ].